

PROXECTO LINGÜÍSTICO



C.E.I.P. XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ
O PORRIÑO (PONTEVEDRA)

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. DIAGNOSE DA SITUACIÓN	4
• CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO NOSO CENTRO	4
• ANÁLISE DO ALUMNADO E PROFESORADO E MEDIDAS A ADOPTAR	5
3. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.	16
4. OBXECTIVOS XERAIS	17
5. LIÑAS DE ACTUACIÓN	18
6. MEDIDAS DE APOIO/REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO	23
7. ACTIVIDADES QUE SE VAN A ORGANIZAR PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	27
8. METODOLOXÍA	27
9. METODOLOXÍA COMÚN NAS DÚAS LINGUAS	28
10. AVALIACIÓN	30
11. ANEXOS: DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR	32
ANEXO I RESUMO DAS ACTIVIDADES	32
ANEXO II HORARIO DAS LINGUAS	37
ANEXO III GRÁFICAS DAS ENQUISAS	38

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lingüístico no noso centro educativo CEIP XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ, xorde no camiño cara a planificación lingüística que como centro educativo tentaremos percorrer para conseguir os obxectivos que a lexislación vixente marca dende o desenvolto en primeiro momento na Constitución, no Estatuto de Autonomía, e co Plan Xeral de Normalización Lingüística.

Todas estas leis, desenvoltas para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Neste curso elaboramos un documento denominado **Proxecto Lingüístico de Centro** para catro anos que enviamos a continuación á Inspección Educativa.

En primeiro lugar, sinalar que este Proxecto Lingüístico forma parte do Proxecto Educativo do noso centro. Foi redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Na composición desta comisión tivo especial relevancia o Equipo de Dinamización Lingüística.

Este Proxecto Lingüístico do Centro foi aprobado e avaliado polo Consello Escolar do Centro Educativo. Asemade, trátase de fomentar as dúas linguas oficiais de Galicia entre o alumnado para que acaden a competencia lingüística.

Para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.

O Proxecto Lingüístico de Centro consta dos puntos que indicamos a continuación.

2. DIAGNOSE DA SITUACIÓN

- **CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO NOSO CENTRO**

Neste punto tratamos de detectar a maior ou menor presenza das linguas no contexto físico e social no que está situado o C.E.I.P Xosé Fernández López.

Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno foron as opinións do profesorado, enquisas aos alumnos/as, aos mestres e aos pais/nais na Educación Infantil.

Seguidamente pasamos a detallar o uso das linguas que fai o centro nas súas comunicacións con outras institucións e entidades:

LINGUA EMPREGADA POLO CONCELLO

A lingua galega na documentación oficial. A lingua empregada pola persoa que ostenta a alcaldía e o equipo actual de goberno é o castelán.

LINGUA EMPREGADA POLAS ENTIDADES ASOCIADAS DO CONTORNO

A lingua galega e a castelá.

LINGUA EMPREGADA HABITUALMENTE NAS INTERACCIÓNS COMUNITARIAS

As actividades complementarias e actos son organizados en lingua galega, ao igual que a documentación oficial e todos os comunicados enviados dende o colexio. Nos consellos escolares e claustro de profesores a lingua que se usa é o galego.

USO LINGÜÍSTICO NAS LINGUAS QUE SE EMPREGAN EN EDUCACIÓN PRIMARIA NAS ÁREAS NO CURSO . Ver Anexo II.

A distribución do uso das linguas en Educación Primaria está recollido no cadro do anexo I.

A distribución do idioma en outras especialidades, amósanse a continuación.

A especialista en audición e linguaxe o idioma a empregar é o castelán.

A especialista en pedagogía terapéutica o idioma a empregar é o castelán.

A orientadora do centro o idioma a empregar é o castelán.

- **ANÁLISE DO ALUMNADO E PROFESORADO. MEDIDAS A ACADAR.**

A partir do estudo dunha serie de datos estatísticos sobre a realidade lingüística do noso centro, iremos apuntando as medidas que propomos adoptar para contribuírmos a solucionar os problemas detectados.

Enquisa ao estudiantado

Durante o primeiro trimestre deste curso realizamos unha enquisa no noso centro para coñecer de maneira precisa o uso da lingua galega e castelán entre o alumnado.

Á hora de deseñar o cuestionario, quixemos que este puidese reunir dúas características fundamentais, a de ser completo e a de resultar doado de cubrir nun tempo reducido (5 minutos).

Velaquí os resultados, a súa análise fundamental e as medidas a adoptar:

Ver Anexo III

1) *Que lingua falas ti normalmente?*

Na casa	No colexio
a) Sempre en galego (1,32%)	a) Sempre en galego (3%)
b) Nas dúas, pero máis en galego (36,3%)	b) Nas dúas, pero máis en galego (32%)
c) Sempre en castelán (1,32%)	c) Sempre en castelán (6,2%)
d) Nas dúas, pero máis en castelán (30,14%)	d) Nas dúas pero máis en castelán (35,88%)
e) Noutras linguas (7,26%)	f) NS/NC (22,9%)
f) NS/NC (23,66%)	

Como vemos predomina o uso dos dous idiomas, con inferioridade do galego no colexio mais non nos fogares. Neste intre somentes un 2% do

alumnado que vén da casa, vén falando galego sempre ou de xeito principal. Coidamos entón que un obxectivo prioritario do Proxecto Lingüístico debe ser **deseñar actividades para frear este cambio lingüístico** que se está a producir.

2) *Que lingua falan os teus familiares directos (Pais, avós, irmáns)?*

- a) Sempre en galego (7%)
- b) Nas dúas, pero máis en galego (11,27%)
- c) Sempre en castelán (27,37%)
- d) Nas dúas, pero máis en castelán (28,98%)
- e) Outras linguas, non hai.
- f) NS/NC (25,38%)

Como vemos, a lingua predominante das familias dos nosos alumnos é o castelán. Por tanto, outro obxectivo do noso proxecto debe ser **que unha parte importante de alumnos recupere a lingua galega no seu contorno familiar máis inmediato**. Temos que aumentar a autoestima cultural e lingüística do noso alumnado.

3) *En que lingua te dirixes ao profesorado?*

En galego (2,07%)
En castelán (26,45%)
Segundo a lingua na que me fale (47,61%)
NS/NC (23,87%)

Como vemos, a lingua do profesorado determina nunha maioría dos casos a lingua do alumno, polo que está nas nosas mans axudar a aumentar os cativos usos lingüísticos en galego por parte do estudantado. **Propomos pregarlle ao profesorado que nas súas relacións co alumnado fóra da aula utilice normalmente a lingua galega, e pedímoslle que faga o mesmo na súa relación coas familias.**

4) *En que lingua sentes maior seguridade para escribir e falar?*

Para escribir:

En galego (2,53%)
En castelán 50,37%)
Nas dúas (20,93%)
NS/NC (26,17%)

Para falar:

En galego (1,38%)
En castelán (49,22%)
Nas dúas (15,18%)
NS/NC (34,22%)

Aínda que haxa que tratar con cautela estas respostas, coidamos que poden aproximarnos a un coñecemento sobre a comparación entre competencias galego-castelán no alumnado do noso centro.

A estatística de mellor competencia en castelán é claramente superior. Un obxectivo razoable neste aspecto sería intentar aumentar a porcentaxe dos que se sintan con total seguridade nas dúas linguas, e polo menos equilibrar as porcentaxes dos que sintan máis seguros nunha lingua ou noutra.

Propomos como actividade de reforzo que nas clases de linguas estranxeiras nas que se poidan facer exercicios de tradución e contraste de linguas se lle dea tamén cabida ao galego (no caso de que non se faga).

5) *Pensas que se debería falar máis galego no colexio?*

Si (45,54%)
Non (7,82%)
Indiferente (15,64%)
NS/NC (31%)

Formulamos esta pregunta coa intención de analizarmos as actitudes lingüísticas do alumnado verbo da normalización do galego. Lendo os resultados e as respostas coas que xustificaban a súa opinión (lembrems que neste caso o tipo de resposta era aberta e non se lle presentaban opcións), podemos concluír que neste aspecto **as actitudes positivas cara a un maior uso do galego son maioritarias.**

Dentro do 45,54% que responderon afirmativamente, podemos ler enunciados do tipo: *"Porque é a nosa lingua, porque vivimos en Galicia, porque se se perde o galego, a cultura de Galicia desaparece, porque debemos ter conciencia do noso idioma, porque é unha lingua que temos que coidar e é unha pena que se extinga, porque non hai moitos rapaces que o falen, porque cada vez estase usando menos, porque sempre está ben aprender outra lingua, porque hai que practicala, porque é unha lingua que precisamos, porque moitas persoas non saben falar ben o galego, porque así aumentan os falantes, para afacernos tamén a esta lingua, para coller soltura, porque fomentaría máis o uso do galego na vida diaria, porque os que falan galego tenden a falar máis castelán polas compañías, porque usar dous idiomas dáche máis "tablas" na vida, porque debemos acostumar os alumnos dende novos, porque é un idioma moi bonito, porque é a miña lingua e non son capaz de falala nada ben, porque debemos defender máis o noso idioma, porque somos galegos"*. Como vemos, dentro deste grupo as actitudes positivas respecto do galego son evidentes e salientan especialmente as opinións que amosan a preocupación pola propia

supervivencia do galego se non facemos algo (preto da metade das respostas van nesa dirección e conteñen as palabras: *perderse, extinguir, desaparecer, existir, conservar*).

Por outra banda, no grupo dos que responderon "non", a maioría das respostas non indican unha opinión negativa sobre o galego senón aquela que vai na liña de que se ten a sensación de que xa se fala bastante, que as cousas están bastante ben e que non cambiaría moito o que hai, ou a lóxica resposta de que como usa case sempre o castelán, o galego parécelle máis difícil. Con todo, parécenos importante salientar que **aínda existe un certo número de alumnos do total de enquisas realizadas que amosan de xeito explícito prexuizos sociais aínda non superados** respecto do idioma propio de Galicia e seguen respondendo: "*Non, porque o galego non me gusta*".

Houbo tamén outros (15,64%) que non se posicionaron nin a prol nin en contra da normalización e usaron a expresión *depende, hai persoas que xa o falan o suficiente e outras non, ou a min dáme igual, ou iso deberíano decidir os profesores*.

6) *Canto tempo ves a televisión ao día (aprox.)?*

Está claro que para a normalización do galego podemos facer moito dende a escola ao ser un medio de socialización moi importante, aínda que loxicamente hai moitos factores sociais que xogan en contra. Un dos principais é o papel que xogan os medios de comunicación, a maioría en

castelán, e quixemos preguntarlles aos nosos alumnos directamente por eles. En primeiro lugar polo grao de consumo e por outra parte sobre en que medida entran tamén dentro das súas preferencias, dentro da oferta existente, os programas en galego:

Nada (4,6%)
1 h (40%)
2 h (18%)
3 h (8,74%)
4 ou máis h. (5,3%)
NS/NC (23,36%)

Os datos sobre a cantidade de tempo que os nosos rapaces e rapazas pasan de xeito pasivo diante dun aparello de televisión son enormemente preocupantes para a súa educación integral. Fixémonos que o 18% ve a televisión 2 horas ao día e que o 14% ve a televisión 3 horas ou máis cada día. Parece claro que **cómpre concienciar as familias (sobre todo a través das titorías) para que o alumnado faga un uso moito máis moderado deste medio de comunicación**, de xeito que aquela porcentaxe se reduza drasticamente. Se conseguísemos que eses estudantes investisen ese tempo noutras actividades, semella evidente que se contribuiría a unha mellora do seu rendemento académico.

7) *Ves algún programa en lingua galega?*

Si (10,81%)
Non 34,73%)
Ás veces (24,61%)
NS/NC (29,85%)

8) *Les normalmente libros pola túa conta, sen que cho manden os profesores?*

Si, pero só durante as vacacións (10,58%)
Si, e tamén durante o curso (47,84%)
Non, só leo os libros que me mandan ler no instituto (10,81%)
NS/NC (30,77%)

Velaí unha pregunta importante para o reforzo da competencia lectora e lingüística do noso alumnado. Temos unha porcentaxe bastante alta dos que podemos considerar bos lectores (case o 60%), aqueles que len sen que llelo manden durante as vacacións e ao longo do curso. Aquí cumprirá seguir traballando para **conseguir que ese porcentaxe dos alumnos que confesan ler só os libros que lle mandan no colexio se afeccionen a ler de cando en vez por pracer.**

9) *Entre eses libros de lectura voluntaria anteriores, les libros en galego ou en castelán?*

En galego (2%)
En castelán (23,23%)
Nos dous idiomas (44,39%)
NS/NC (30,38%)

Enquisa ao profesorado

1. *Que lingua falas ti normalmente fóra das aulas?*

Sempre en galego (17,64%)
Sempre en castelán (20,58%)
Nas dúas pero máis en galego (2,94%)
Nas dúas pero máis en castelán (38,22%)
Ns/nc (20,62%)

2. *Sinala o teu grao de capacidade para empregares o galego na actividade docente:*

Moi baixa (0%)
Baixa (0%)
Media (20,6%)
Alta (47%)
Moi alta (11,76%)
Ns/nc (20,64%)

3. *No caso de que a túa resposta anterior fose "moi baixa, baixa ou media", estarías disposto a facer un curso para mellorar a túa competencia en lingua galega?:*

Si (17,64%)

Non (14,7%)

Ns/nc (67,66%)

4. *Pensas que deberíamos facer un maior esforzo para conseguir que os nosos estudantes empreguen máis a lingua galega no colexio?*

Si (70,56%)

Non (0%)

Xa fago todo o que podo (8,82%)

Non responde (20,62%)

Destes resultados desexamos salientar que xa que case un 60% do profesorado admite posuír unha competencia media ou alta en galego, queremos aspirar a mellorar a competencia do alumnado. Así mesmo somentes un (17,64%) dos resultados amosan boa predisposición dos profesores a *facer un curso para melloraren as súas competencias en lingua galega*. Un obxectivo do Proxecto Lingüístico debe ser **facilitar aos profesores o perfeccionamento da súa competencia mediante a organización de cursos de galego no propio centro.**

Ademais das propostas concretas que se foron apuntando, debemos facer referencia a todas as actividades contempladas no proxecto de fomento do uso do galego deste curso, nos que deseñamos moitas **actividades que teñen que ver cos usos orais e escritos e que poden conectar cos intereses dos estudantes: cine, edición do noso xornal ECOS DA LOURIÑA, contacontos, correo escolar, concurso de postais de Nadal, calendario escolar ...**

3. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer á Comisión de Coordinación pedagóxica, para a inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos, medidas para potenciar o uso do galego nas actividades do centro e proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Propoñerlle á Comisión de Coordinación pedagóxica o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, folclore, etc. no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.

- Presentar para a súa aprobación no Consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de educación e ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

Atendendo ás competencias do equipo de Dinamización Lingüística establécense unha serie de obxectivos xerais e as liñas de actuación.

4. OBXECTIVOS XERAIS

O Equipo de Normalización lingüística reúne mínimo unha vez cada mes para poder levar a cabo os seus principais obxectivos:

- Fomentar o uso da linguas propias de Galicia, tanto a nivel oral como a nivel escrito. Traballar na transmisión e no coñecemento da súa cultura entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Convivir con outros centros educativos do nosa contorna, visitar as institucións que fomenten o coñecemento, a cultura e as linguas de Galicia.
- Proporcionar aos membros da comunidade información sobre actividades, actos e institucións culturais relacionados coa realidade lingüística e participación nas mesmas.
- Informar ao profesorado de tódalas actividades de formación que se oferten, para mellorar ás súas competencias lingüísticas.
- Realización de actividades en soporte informático para mellorar as

competencias lingüísticas da comunidade educativa.

- Dinamizar a lectura, sexa de libros informativos, publicacións periódicas, contos, banda deseñada, poesía, teatro ou narrativa.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN

5.1 .Actividades

Co fin de conseguirmos os obxectivos citados, propoñemos unhas medidas de actuación a través dunha serie de actividades moi concretas. Destas actividades algunhas desenvolveranse ao longo de todo o curso e, en determinados casos, mesmo se continuarán en cursos vindeiros; as demais están pensadas para un trimestre concreto. Serán as seguintes:

- 1) **Apoio**, por parte do equipo, a todo aquel que o necesite - pais/nais, persoal non docente, alumnado inmigrante,...-, en relación coa utilización do galego como lingua vehicular no ensino ou no seu labor diario (achegándolle materiais, colaborando na elaboración de documentos, informándoo de cursos de galego...).
- 2) Realización de **cursos** e actividades de formación continuada e de renovación por parte dos membros da comunidade interesados. Proposta da realización dos cursiños ademais do curso de "Galego para profesorado en prácticas".
- 3) Colaboración co **Concello** en actividades de fomento no uso da lingua.

- 4) **Taboleiro “Sabiades que...”** Mostrarase regularmente toda a información relativa a nosa lingua; así como as convocatorias ou ofertas de cursos e actividades de interese. Asemade, servirá como lugar de intercambio de experiencias educativas en lingua galega (concursos, cantigas, refráns, adiviñas...) relacionados cos diferentes oficios tradicionais galegos.
- 5) **Calendario adhesivo.** Elaboración dun calendario adhesivo que teña un lema alusivo ao uso da lingua, feito polo alumnado (concurso).
- 6) **Calendario escolar do presente curso** , en cuxa realización participarán os diferentes niveis de E.I. e E.P. Está colocado na entrada do centro, a carón da sala de mestres. A cada curso correspóndelle un mes.
- 7) **Programa radiofónico** diario durante a hora do recreo. Noticias a salientar do día a día, música tradicional galega; concursos; adiviñanzas e refráns... Os rapaces de 3º ciclo emitirán en directo e para o resto da comunidade educativa.
- 8) Adquisición de **novidades bibliográficas** en calquera soporte que sexan interesantes como recurso normalizador e ofertárllelas aos ciclos e persoas que as poidan usar: cómics, revistas temáticas, música, programas informáticos, dicionarios, ...
- 9) **O Outono: Samaín e Magosto.** Ambientación dos corredores con varios murais. Colaborar co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares na celebración do magosto.
- 10) **O Nadal:** elaboración de textos a representar, panxoliñas, cancións...

- 11) **Día da Paz.** Colaborar co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares na celebración do día da Paz (con música e materiais en galego, se é posíbel).
- 12) **Celebración da Semana das Letras Galegas:** (festival das Letras Galegas, biografía do homenaxeado neste ano, murais informativos, concursos, elaboración de unidades didácticas e participación nas webquest sobre a temática).
- 13) **Creación de dous novos espazos para escribir anuncios, datos curiosos, adiviñas, etc en cada unha das dúas pizarras que colocaremos ó subir as escadas de acceso a planta darriba.**
- 14) **O noso libro.** Elaboración de "O noso libro" cos traballos de E.Primaria e os debuxos de Educacion Infantil convocados a tal fin.
- 15) **Dotación das bibliotecas de aula con contos e recursos en galego.**
- 16) **Adquisición de xoguetes tradicionais para uso no recreo (cordas, zancos, aros...).**
- 17) **Elaboración e distribución da nosa revista "Ecos de Louriña"**
- 18) **Asistencia a contacontos e animacións á lectura para os diferentes ciclos.**
- 19) **Visita á Biblioteca Pública Municipal.**
- 20) **Obradoiro literario cun escritor galego da Asociación de Escritores en Lingua Galega.**

- 21) Correo escolar. Colaboración coa actividade de correo escolar que consiste en cartearse en galego con nenos e nenas doutro centro.
- 22) Recollida de **datos lingüísticos ou etnográficos**, propios da nosa cultura, como frases feitas e refráns, adiviñas, cantigas, topónimos, alcumes..., en coordinación co equipo de biblioteca.
- 23) Actualización e mellora da **páxina web** do noso centro e fomento do blogue de Normalización Lingüística.
- 24) Visita de familiares dos nosos nenos/as para que relaten as súas experiencias; dirixida a todos os ciclos de E.I. e de E.P.
- 25) **Actuacións**, a finais do curso escolar.
- 26) Visita ao **contorno** para coñecer de primeira man a nosa realidade.
- 27) O concurso musical de karaoke en galego "**Tes talentiño**".
- 28) O concurso de relatos escritos curtos e os debuxos de Educación Infantil, no segundo trimestre .
- 29) A **actividade sobre dobraxe**, que faremos a finais do curso, pra continuar a traballar o galego con outras actividades novas con respecto ó xa feito outros anos.

5.2. Temporalización

- a. Actividades durante todo o curso: Actividades 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8, 16, 23.

- b. Actividades ao longo do curso: Actividades 13, 15, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 26, 27 e 28
- c. Actividades realizadas en determinadas festividades e celebracións: Actividade 5 (no mes de Decembro), 9 (coincidindo co Samaín e Magosto), 10 (polo Nadal), 11 (en Xaneiro, no día da Paz), 12 (no mes de Maio).
- d. Actividades finais de curso: Actividades 14, 17, 25 e 29

5.3. Responsables

- a) Da elaboración e dinamización do plano de actividades: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.
- b) Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, o Equipo Directivo, todo o profesorado e o Concello: Actividade 3.
- c) Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, todo o profesorado e o alumnado: Actividades 4, 5, 6, 12, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 25, 26.
- d) Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, o Equipo de Radio-Escolar e o alumnado: Actividade 7.
- e) Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística xunto co Equipo da Biblioteca: Actividades 8, 13, 15.
- f) Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística xunto co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: 9, 10, 11.

g) Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística xunto con toda a comunidade educativa: Actividade 24.

6. MEDIDAS DE APOIO/REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO.

6.A) Alumnado inmigrante ou doutras Comunidades Autónomas españolas e alumnado con necesidades educativas especiais.

No noso centro, como reflexo da sociedade actual, convive alumnado diverso, alumnado cun bo rendemento académico xunto con alumnado con necesidades educativas especiais derivadas dalgunha discapacidade, e tamén alumnado cunhas características culturais ou sociais específicas. Dentro deste último grupo, atópase o alumnado inmigrante, de distintas procedencias, ao que debemos dedicar un apartado especial neste Proxecto Lingüístico de centro, xa que as necesidades educativas que presentan, sobre todo os que descoñecen as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, requiren dunha atención específica que lles permita acadar unha axeitada competencia comunicativa nos dous idiomas, dada a importancia do dominio da lingua no éxito ou fracaso escolar.

Na realidade actual do centro, contamos con alumnado inmigrante en varias etapas educativas. O número de alumnado extranxeiro, está repartido nas dúas etapas educativos que impartimos no colexio, sen contar os alumnos fillos de emigrantes doutros países que xa naceron en

España e polo tanto non teñen a condición de extranxeiros, pero que presenta unha problemática parecida ou case igual.

Os alumnos hispanofalantes que levan varios anos no noso país, non presentan problemática en canto a uso do castelán ou mesmo do galego.

Cando un alumno necesita da aprendizaxe do idioma temos que tomar decisións no terreo lingüístico que impliquen tanto a consecución do éxito escolar como a súa verdadeira inclusión no centro. Consideramos, por outra banda, que esta é unha oportunidade para desenvolver valores de respecto e comprensión cara ao diferente e de poñer en práctica principios que sempre defendemos, como a integración, a diversidade na aula ou a atención individualizada ao alumnado.

En suma, consideramos que a diversidade cultural é, ademais dunha riqueza, un bo recurso no centro para acadar unha educación inclusiva real baseada na convivencia intercultural.

Polo tanto, no caso do alumnado de orixe estranxeira e que xa leva anos no noso país, dado que non teñen tanta necesidade dun apoio específico respecto do uso do idioma, o desexable é aproveitar a presenza dun idioma diferente (portugués, francés, árabe ...) na vida diaria das aulas. O mesmo ocorre co alumnado procedente doutras comunidades autónomas españolas, que poden aportar algo no enriquecemento do vocabulario do resto do alumnado.

No caso do alumnado que chegue por primeira vez tanto ao noso país como ao noso centro, con descoñecemento do idioma, porase en práctica o protocolo de actuación recollido no documento do centro "Plan de acollida

a alumnado estranxeiro", que inclúe, seguindo a normativa vixente, a aprendizaxe intensiva do castelán e, progresivamente do galego durante alomenos un trimestre. O profesorado de Pedagogía Terapéutica asumirá nun principio esta inmersión lingüística intensiva ao mesmo tempo que proporcionará o soporte emocional que necesita este alumnado (que ata o de agora, no noso centro, incorpórase de xeito individual segundo vai chegando). Ao mesmo tempo, procurarase que estes alumnos non estean illados e participen en todo aquilo que sen necesidade de expresión oral ou escrita poidan intervir con niveis nulos ou básicos de coñecemento do idioma (actividades artísticas, de música ...).

Tamén nestes momentos iniciais de escolarización é importante valorar xa a súa propia lingua, polo que o profesorado de Pedagogía Terapéutica aportará por escrito ao resto de profesorado implicado as fórmulas de presentación básicas, saúdo, benvida, etc. no idioma de orixe do alumno.

En todo caso, solicitarase sempre a colaboración doutros alumnos maiores presentes no centro con coñecemento do idioma do novo alumno.

En canto á documentación que se lles proporciona inicialmente, tanto a eles como ás familias, farase no idioma de orixe (horario do alumno, información sobre o sistema educativo, sinalización das dependencias do centro ...).

Aquelas linguas que presentan grandes diferenzas co castelán e o galego (caso do árabe), supoñen unha dificultade engadida no proceso de ensinanza-aprendizaxe, en aspectos como lateralidade, diferenzas

fonéticas, gráficas, sintácticas ... polo que haberá que incidir moito máis nesas cuestións no apoio a este alumnado, sobre todo ao principio.

No relativo á aprendizaxe por parte destes alumnos da lingua galega, deberanse fomentar en xeral actitudes positivas, dado que é unha lingua máis a dominar e coa que, por ex. o alumnado marroquí adoita ter dificultades.

Naquelas actividades do centro que empreguen expresamente a lingua oral ou escrita fomentarase a participación destes alumnos coa súa propia lingua (semana de actividades da biblioteca, por exemplo).

6.2. Alumnado con problemas de atraso escolar

Este alumnado seguirá un programa de reforzo educativo levado a cabo polo profesorado de aula, dentro da aula e as mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Lenguaxe fora da aula. Este reforzo será nas materias instrumentais, é dicir, as dúas linguas oficiais e as matemáticas. Se as circunstancias o requirisen tamén se pode aplicar ao alumnado unha adaptación curricular nas materias de linguas.

6.3. Alumnado en xeral

O profesorado, tanto de E. I como o de E. P. fomentará a realización de actividades que favorezan o aspecto oral da lingua a nivel de expresión como de escoita.

De cara a potenciar o uso da lingua galega, o profesorado aínda que non lle corresponda dar a materia en galego, introducirá algunha actividade no noso idioma.

7. ACTIVIDADES QUE SE VAN A ORGANIZAR PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Neste punto queremos reflectir todas as actividades que se van levar a cabo para fomentar a Competencia Lingüística nas tres linguas e co paso do tempo intentar acadar as mestas propostas.

Estas actividades se recollen no **Anexo I (páx. 15)**.

8. METODOLOXÍA

Axustámonos á seguinte metodoloxía:

- A) Análise da situación de partida e estudo da información recolleita (isto condiciona o resto do traballo e permitirá obter datos reais e que leve a formular obxectivos axustados aos recursos cos que conta o Centro).
- B) Definición dos obxectivos. Defíniranse uns obxectivos xerais consensuais e aprobados en Claustro para pasar a concretar en cada curso, os obxectivos específicos.
- C) Determinar as actuacións e actividades que contribuirán á consecución dos obxectivos. Cada equipo achegará aquelas actividades que lle parezan idóneas para desenvolver no Proxecto Lingüístico. Con elas conformarase o núcleo de actuacións a seguir durante o proxecto de traballo. Periodicamente valorarase a oportunidade de devanditas actividades para a súa aplicación ou modificación se as circunstancias o requiren.
- D) Avaliación e revisión dos resultados. Ao final de curso, nas reunións de avaliaciós, farase unha análise dos resultados para comprobar ata que punto

se desenvolveron as iniciativas propostas. Realizaranse enquisas e informes onde se recolla o impacto que tiveron. No Claustro e Consello Escolar de fin de curso exporase a memoria resumen do traballo realizado e así poder planificar o ano próximo.

E) O papel do equipo de profesores e profesoras pódese resumir dicindo que participarán e realizarán as actividades propostas no proxecto descrito, dende realizar enquisas, a confeccionar cadros de datos, a suxerir actividades, elaborar listas de libros e documentos, establecer prioridades, animar á lectura, formar as Bibliotecas de Aula, participar en todas as actividades e celebracións organizadas, participar en reunións, planificar tarefas, etc.

9. METODOLOXÍA COMÚN NAS DÚAS LINGUAS

- Exploración dos coñecementos previos e das motivacións, expectativas e intereses do alumnado, favorecendo a súa participación activa e desinhibida e procurando que queden conectados/as á clase desde o primeiro momento.
- Presentación lúdica dos distintos materiais necesarios para realizar as diversas actividades que se van a integrar ao longo do curso.
- Realización estruturada das actividades e dos diversos bloques e programas que se van a tratar.
- O desenvolvemento das actividades terá un enfoque integrador, acercando ao alumno/a a situacións contextualizadas da súa propia experiencia ou dos seus coñecementos previos, alternándose actividades de diversa natureza

(observación, comprensión, expresión, reflexión, valoración, creación, aplicación, investigación) a través da actuación do profesor/a (motivación, explicacións, exemplificacións, preguntas, propostas de tarefas, etc.) e coa participación activa dos alumnos e alumnas.

- No proceso de ensinanza-aprendizaxe favorecerase a atención individualizada aos alumnos/as, que se complementará con actividades de reforzo a fin de recuperar aqueles obxectivos e contidos básicos non consolidados e con actividades de ampliación cando isto sexa posible.
- Os sistemas de agrupamento adecuaranse ao tipo de actividades que se pretende desenvolver, incluíndo o grupo de clase, o traballo individual, os pequenos grupos e as parellas, así como o agrupamento flexible para algunhas actividades de reforzo ou de ampliación, creando oportunidades para diferentes niveis de participación e satisfacendo as necesidades dos diferentes estilos de aprendizaxe.
- O ensino para toda a clase, por exemplo, mentres se fala sobre as actividades realizadas ao final da clase, pode estimular e inspirar ao grupo. Así poden, por exemplo, escoitar que pensan, senten ou descubren outros alumnos/as do grupo sobre a súa propia aprendizaxe.
- No traballo en grupos e en parellas pódese animar aos nenos/as a axudarse mutuamente cando realicen algunha das actividades. O traballo en parellas tamén proporciona unha maior interacción para a práctica comunicativa. Durante o traballo en parellas ou en grupos, pódense controlar libremente aos grupos e ofrecer axuda individual cando sexa necesario. Os alumnos/as pódense agrupar por destrezas, sexo, amizade ao chou, ou dependendo do

tipo de actividade.

- Non se pode subestimar a importancia das rutinas para lograr o funcionamento eficaz das clases. A claridade á hora de dar instrucións e unha implicación óptima dos alumnos/as son esenciais para que a clase estea ben organizada e a aprendizaxe e o ensino poidan ter lugar. As rutinas poden ser tan simples como un xogo ao principio, ou pedir a un encargado/a da clase que reparta os materiais, etc. As rutinas son importantes ao longo do curso para que os alumnos/as saiban que se espera deles/as, cando se espera que fagan certas cousas, e como se espera que leven a cabo certas tarefas.
- Ao longo do proceso educativo estimularase aos alumnos/as a través do emprego do reforzo positivo, valorando os éxitos que vaian logrando cada alumno e cada alumna.

10. AVALIACIÓN

- Anualmente avaliarase o resultado das medidas propostas neste proxecto, tanto as tendentes a fomentar a lingua galega como a mellorar a competencia lingüística do alumnado. Así mesmo, avaliarase o conxunto de programas e actividades para o fomento e dinamización do galego realizados polo centro cada curso. A partir desta avaliación, que figurará como addenda a este proxecto de xeito anual, elaborarse o plan de fomento e dinamización do curso seguinte.
- Coa frecuencia que se acorde realizarase unha enquisa similar a realizada para este proxecto coa finalidade de comparar os resultados e estudar

posibles cambios relacionados coas actuacións presentadas.

- O seguimento deste proxecto ao longo dos cursos será realizado polo xefe de estudos, o dinamizador da biblioteca, o coordinador de normalización lingüística, ademais dos coordinadores de ciclos.

11. ANEXOS

ANEXO I: CADRO - RESUMO DAS ACTIVIDADES

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

O Plan Xeral de Actuación aprobado para o presente curso recolle as "ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA" propostas para levalo a cabo.

Deste xeito, tendo en conta a *ORDE da Consellería pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o presente curso escolar*, presentamos un cadro - resumo das actividades polas cales solicitamos a axuda económica, xunto coa temporalización, responsables, destinatarios, orzamento e material necesario para a súa realización.

TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADE	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO
	1) Adquisición de material bibliográfico				
7) Todo o curso escolar	7) Emisión diaria da nosa Radio-Escolar aumentando a dotación de música galega	7) ENDL, Equipo da radio escolar, alumnado	7) Alumnado e profesorado	7) 200 euros	7) Música galega
8) Todo o curso escolar	8) Facilitarlle ao profesorado material axeitado para a incorporación da lingua e cultura galega ao ensino	8) ENDL Equipo da Biblioteca	8) Alumnado e profesorado	8) Os gastos corren a conta do centro escolar	8) Películas, CDs, Libros... 15) Libros en lingua galega

15) Ao longo do curso	15) Aumentar a dotación da Biblioteca con textos en lingua galega	15) ENDL Equipo da Biblioteca	15) Alumnado e profesorado	15) Os gastos corren a conta do centro escolar	
9, 10, 12) Realizadas en determinadas festas e celebracións	1) Material funxible e fotocopias 9, 10, 12) Realizar trípticos, fotocopias, comprar material funxible: Toner en negro e cor, papel, grampas, cartolinas	9, 10, 12) ENDL Equipo Actividades Complementarias e Extraescolares	9, 10, 12) Alumnado e profesorado	9, 10, 12) 150 euros	9, 10, 12) Fotocopias e material funxible: Toner en negro e cor, papel, grampas, cartolinas

	1) Organización de actividades en galego				
13) Ao longo do curso escolar	13) Certame de narrativa curta "Exprésate"	13) ENDL, Equipo da Biblioteca e o alumnado	13) Alumnado	13) 150 euros	13) Material funxible: Pinturas de cores, rotuladores, témperas, gomas, lapis, bolígrafos, papel, grampas, cartolinas
12, 18) Ao longo do curso / Na semana das "Letras Galegas"	12, 18) Contacontos e animación á lectura para os diferentes ciclos	12, 18) ENDL, todo o profesorado	12, 18) Alumnado e profesorado	12, 18) 600 euros	
25) Finais do curso	25) Actuación dun grupo musical galego	25) ENDL	25) Alumnado e profesorado	25) 400 euros	
14) Finais do curso	14) Elaborar e imprimir "O noso libro"	14) ENDL profesorado, alumna do	14) Toda a comunidade educativa	14) 200 euros	14) TICs, fotocopias,



<p>17) Finais do curso</p>	<p>17) Idear, elaborar, imprimir e distribuir a revista escolar "Ecos da Louriña"</p>	<p>17) ENDL, profesorado, alumnado</p>	<p>17) Toda a comunidade educativa</p>	<p>17) 1800 euros</p>	<p>material funxible: Pinturas de cores, rotuladores, témperas, gomas, lapis, bolígrafos, papel, grampas, cartolinas, toner en negro e cor.</p> <p>17) Material funxible, TICs, fotocopias</p>
----------------------------	---	--	--	-----------------------	--

ANEXO II: HORAS DE CADA LINGUA


Decreto 79/2010, do 20/05/10 (D.O.G 97, 25/05/10)

	1º		2º		3º		4º		5º		6º	
	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.
LINGUA CASTELÁ		4		4		4		4		4		3
LINGUA GALEGA	4		4		4		4		4		3	
MATEMÁTICAS		5		5		4		4		5		5
C. DA NATUREZA	2		2		2		2		2		2	
C. SOCIAIS	3		2		3		2		2		3	
PLÁSTICA		1	1			1		1		1		1
MÚSICA	1		1		1		1		1		1	
RELIXIÓN		1		2		1		1		1		1
ED. FÍSICA	2		2		2		2		2		2	
VALORES		1		2		1		1		1		1
L. EXTRANXEIRA	2		2		3		3		3		3	
E. ORAL E ESCRITA							1		11	11	1	
CADA LINGUA	12	11	12	11	12	10	12	11	11	11	12	10
TOTAL	25		25		25		25		25		25	


ANEXO III: GRÁFICAS DAS ENQUISAS FEITAS AO ALUMNADO DO CENTRO




QUE LINGUA FALAN OS TEUS FAMILIARES DIRECTOS? (PAIS, AVÓS, IRMÁNS...)




EN QUE LINGUA TE DIRIXES AO PROFESORADO?




EN QUE LINGUA SENTES MAIOR SEGURIDADE PARA ESCRIBIR?



EN QUE LINGUA SENTES MAIOR SEGURIDADE PARA FALAR?




PENSAS QUE SE DEBERIA FALAR MAIS GALEGO NO COLEXIO?




CANTO TEMPO VES A TELEVISIÓN AO DÍA?


■ NADA ■ 1 HORA ■ 2 HORA ■ 3 HORAS ■ 4 HORAS OU MÁIS ■ NS/NC



VES ALGÚN PROGRAMA DE TV EN LINGUA GALEGA?




LES NORMALMENTE LIBROS POLA TÚA CONTA, SEN QUE CHO MANDEN OS PROFESORES?




ENTRE OS LIBROS DE LECTURA VOLUNTARIA ANTERIORES, LES LIBROS EN GALEGO OU EN CASTELÁN ?

■ EN GALEGO ■ EN CASTELÁN 30,94 ■ OS DOUS IDIOMAS ■ NS/NC




ANEXO IV: GRÁFICAS DAS ENQUISAS FEITAS AO PROFESORADO DO CENTRO


QUE LINGUA FALAS TI NORMALMENTE FÓRA DAS AULAS?



SINALA O TEU GRAO DE CAPACIDADE PARA EMPREGARES O GALEGO NA ACTIVIDADE DOCENTE:




**NO CASO DE QUE A TÚA RESPONSTA ANTERIOR
FOSE "MOI BAIXA, BAIXA OU MEDIA",
ESTARÍAS DISPOSTO A FACER UN CURSO PARA
MELLORAR A TÚA COMPETENCIA EN LINGUA
GALEGA?**



**PENSAS QUE DEBERÍAMOS FACER UN MAIOR
ESFORZO PARA CONSEGUIR QUE OS NOSOS
ESTUDANTES EMPREGUEN MÁIS A LINGUA
GALEGA NO COLEXIO?**

■ SI ■ NON ■ XA FAGO TODO O QUE PODO ■ OUTRAS ■ NON RESPONDE



Este Proxecto Lingüístico foi aprobado polo Consello Escolar do centro.

O Porriño, a Xaneiro de 2.020

O Director,

Asdo.: José Benito Rodríguez Estévez